

NOTA INFORMATIVA

O tribunal do proceso selectivo para o acceso e ingreso nos Corpos da Policía Local de Galicia, convocado pola Orde de 8 de xullo de 2020 (DOG nº 137 do 10 de xullo),

INFORMA:

Que os días 23, 24 e 25 de marzo de 2021 vaise a desenvolver o terceiro exercicio do proceso selectivo, correspondentes as probas físicas no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº 1, 36002, Pontevedra.

Ante a situación epidemiolóxica actual derivada do COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

1. Non se permitirá a asistencia de público, nin acompañantes, nin ningunha persoa allea á realización das probas.
2. É obrigatorio o uso de máscaras, e todos os/as aspirantes convocados deberán traer as súas propias. Deberá ser das tipo cirúrxica ou FFP2.

Poderán quitalas soamente durante a execución das probas físicas.

3. Non haberá vestiarios dispoñibles, polo que os/as aspirantes deberán acudir xa vestidos coas prendas deportivas que vaian a empregar.

Deberán traer consigo 4 impermeables, para suxeitar o seu dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento.

Non se facilitaran impermeables.

O persoal aspirante so poderá portar unha bolsa onde gardar as súas pertenzas, e cuxas medidas en ningún caso poderán ser superiores a 50x35x20cm.

4. Os/as convocados/as deberán obrigatoriamente acudir provistos de:

- Documento Nacional de Identidade
- Certificado médico oficial en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.
- Certificado nominativo impreso de proba PCR e/ou antíxenos – COVID19, con resultado negativo, realizado por un laboratorio, con data máxima de expedición, tres días antes do día de realización das probas. Este prazo amplíase para os/as aspirantes que sexan convocados/as para o martes 23 de marzo, por mor do venres festivo, polo que o certificado terá data máxima de expedición, o xoves 18 de marzo.

Aquel opositor/a cuxo certificado PCR ou de antíxenos tivera resultado positivo, deberá remitilo ao enderezo de correo electrónico: tribunal-policialocal.agasp@xunta.gal , e o Tribunal convocáralo a realización das probas físicas en outra data, non superior a 10 días dende o último día das probas (25 de marzo)

Aquel aspirante que non se presente as probas, ou non acuda coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerá de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

5. Durante a realización das probas, atenderase a un protocolo específico de prevención do COVID19, e será obrigatorio manter a distancia interpersonal esixida.

Este tribunal, publicará con anterioridade á realización das probas, as listaxes e orde de chamamento dos/as aspirantes que superaron o primeiro e segundo exercicio deste proceso selectivo.

A Estrada, 12 de marzo de 2021.

O Tribunal.